



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ANUNCIO

Pola resolución de Alcaldía núm. 77 / 2022, de data 25 de xaneiro de 2022, resolveuse convocar o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego da categoría de técnicos/as de Axentes de Fomento de Emprego e Desenvolvemento Local e aprobar as seguintes bases específicas:

“BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL POR OPOSICIÓN-CONCURSO PARA A FORMACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICOS/AS DE AXENTES DE FOMENTO DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de emprego para realizar substitucións da persoa traballadora no posto de traballo de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos casos de ausencia, vacacións ou enfermidade, ao abeiro da Orde do 28 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, publicada no DOG núm. 214 do 8 de novembro de 2021 e da resolución da Xefatura Territorial de Emprego e Igualdade da Coruña de data 28-12-2021 pola que se outorga unha subvención de 11.537,14 euros.

A relación laboral será de carácter laboral temporal, en réxime de dedicación a tempo completo, a prestar de luns a domingo, conforme ás necesidades do servizo e cos descansos legais. A contratación será de duración determinada por substitución de persoa traballadora pola aplicación do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as retribucións brutas mensuais serán as que correspondan en cada momento ás do traballador substituído.

En cumprimento do establecido no artigo 58.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o grupo de clasificación profesional é o de enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes técnicos, grupo de cotización 2, e a categoría laboral de Técnico Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL).

O proceso selectivo será mediante oposición-concurso conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro (en adiante TREBEP).

II. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
2. Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
3. Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
4. Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
5. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

6. Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia.
7. Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
8. Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

III. FUNCÍONS A DESENVOLVER

A misión principal do AEDL é colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial polo que deberá desempeñar as seguintes funcións:

- a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles persoas emprendedoras, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.
- b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotoras e emprendedoras, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.
- c) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.
- d) Apoio ás persoas promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.
- e) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

A maiores das funcións que se integran na súa misión principal, realizará as seguintes funcións:

- a) Desenvolvemento, avaliación e execución de programas de acción encamiñados a favorecer a igualdade de oportunidades e a discriminación positiva dos colectivos de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.
- b) A xestión das bolsas de emprego vixentes no Concello de Ponteceso.
- c) A xestión de subvencións relacionadas co fomento do emprego e o desenvolvemento do tecido produtivo do Concello de Ponteceso e aqeloutras funcións relacionadas que asigne á alcaldía.
- d)) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de emprego e a inserción laboral dos colectivos de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TREBEP:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa
- c) Estar en posesión do título acreditativo de posuir estudos universitarios como licenciado, Grao, Diplomado Universitario ou equivalente, exixido para o subgrupo A2. A validación de títulos deberá acreditarse mediante a presentación de certificación emitida polo órgano competente. No caso de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Acreditar o coñecemento de lingua galega: nivel CELGA 4 ou equivalente.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas. A discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia ou organismo equivalente.

f) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

h) Acreditar a condición de demandante de emprego e inscrito no Servizo Público de Emprego.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, para cada unha das prazas, deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

V. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante da instancia que se recolle no Anexo II destas Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello. Xunto coa solicitude débense achegar fotocopias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación e os que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso.

Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

1. Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.

2. Fotocopia do título universitario esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del. Neste derradeiro caso, deberán achegar o xustificante de ter solicitado o título e do pagamento, no seu caso, das taxas esixibles

3. Documento acreditativo do certificado Celga 4 ou superior. De non aportarse o sobredito certificado Celga 4 ou superior os aspirantes deberán realizar o exercicio eliminatorio para acreditar o coñecemento da lingua galega previsto na Base VIII.

4. Copia da tarxeta de demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.

5. Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo.

2. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá presentarse mediante copia simple do orixinal. Os candidatos que á finalización do proceso selectivo sexan propostos polo Tribunal para a formación da bolsa de emprego deberán presentar no prazo de cinco días hábiles ao remate do proceso selectivo os documentos orixinais ou copias cotexadas dos documentos presentados coa solicitude.

3. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

4. O prazo para a presentación de instancias será de **DEZ (10)** días hábiles contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, presentaranse no rexistro xeral do concello, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

VI. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e daqueles que están exentos de realizar a proba de coñecemento de galego, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal (enlace na web municipal no enderezo www.ponteceso.gal).

Contra esta relación os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros no prazo de tres días hábiles dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica.

No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma definitiva.

2. No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos 48 horas entre a publicación e a data de realización das probas. As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicarase na sede electrónica municipal (enlace na web municipal no enderezo www.ponteceso.gal.)

VII. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a que se designe pola Alcaldía-Presidencia, xunto co seu suplente.
- Vogais: Tres funcionarios/as designados pola Alcaldía-Presidencia xunto cos seus suplentes.
- Secretario: funcionario/a da Corporación designado pola Alcaldía-Presidencia.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen os substitúa. Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal. As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente. Todos os membros do Tribunal, titulares e suplentes, deberán ser persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo e posuír unha titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza convocada. Ás súas deliberacións poderán asistir como observadores un representante por cada organización sindical con representación no Concello de Ponteceso. .

A tribunal cualificador poderá actuar validamente coa asistencia do presidente, dous vogais e o Secretario. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, resolver aquilo non previsto nestas bases, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, valorar os méritos e aplicar os baremos correspondentes.

Os membros en que concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, deberán absterse de intervir no procedemento comunicándoo á autoridade convocante, podendo ser recusados polos aspirantes admitidos. Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou, no seu caso, suplentes. Cando o procedemento selectivo, por



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellase, o Tribunal, por medio da súa Presidencia, poderá dispoñer a incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutro persoal de asistencia e doutras Administracións Públicas, que colaborará exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, no desenvolvemento dos procesos de selección e baixo a dirección do tribunal.

Ós efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións da comisión de valoración, estarán clasificados na categoría que establece o Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

VIII. PROCESO SELECTIVO

1. A selección realizarase mediante o sistema de oposición-concurso.
2. Dende a conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de vinte e catro horas dende a publicación das cualificacións do exercicio ou proba anterior, no seu caso.
3. A citación realizarase colectivamente para todos os aspirantes cando a proba deba realizarse en acto colectivo.
4. Os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos do proceso selectivo quenes non comparezan, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal.
5. As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación. O tribunal, baseándose na información recibida, acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación inclúanse en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.
6. Os aspirantes deberán presentarse a cada exercicio ou proba provistos do DNI, carné de conducir, pasaporte, ou outro documento que a xuízo do tribunal acredite fidedignamente o seu identidade. En calquera momento o tribunal poderá requirir aos aspirantes para que acrediten a súa identidade.
7. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das/os aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradoras do tribunal. Quedan exceptuadas desta regra as entrevistas curriculares e as sesións de lectura pública dos exercicios realizados.
8. A publicidade de tódolos actos posteriores á convocatoria deste proceso selectivo realizarase por medio da súa publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal www.ponteceso.gal.

PRIMEIRA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 20 PUNTOS.

1. A fase de oposición terá por obxecto valorar tanto os coñecementos sobre a materia como a súa aplicación práctica, e versará sobre o temario que se recolle no Anexo II das presentes bases.
2. Consistirá na realización de 2 exercicios, que serán obrigatorios e con carácter eliminatorio.
 - a) Primeiro exercicio: consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 40 minutos, dun cuestionario tipo test de 40 preguntas relacionadas co programa recollido no Anexo I a estas Bases, cada unha das cales terá catro posibles respostas, sendo unha a correcta. A puntuación máxima será de 20 puntos, debendo os aspirantes obter un mínimo de 10 puntos para superalo. Os que non acaden a puntuación mínima de 10 puntos serán excluídos do procedemento selectivo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,50 puntos cada unha, e as incorrectas ou non contestadas restarán 0,10 puntos



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

cada unha. Na proba incluíranse 5 preguntas de reserva que deberán ser contestadas polos/as aspirantes e que se avaliarán en substitución daquelas que de xeito motivado fose anuladas polo tribunal. De esgotarse as preguntas de reserva, outorgaranse a cada resposta correcta a puntuación correspondente ao cociente resultado de dividir a puntuación máxima total do exercicio entre o número de preguntas válidas. Xunto coa corrección do exercicio, o tribunal publicará a listaxe de respostas correctas.

c) Segundo exercicio: Proba de coñecemento da lingua galega. Esta proba cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A. A súa duración será de trinta (30) minutos, e poderá consistir nunha tradución dun texto facilitado polo Tribunal, de castelán ao galego. De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 4 ou documento equivalente.

SEGUNDA FASE: CONCURSO. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 13 PUNTOS.

A esta fase soamente poderán acceder aqueles aspirantes que superasen a fase de oposición, e nela serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo da mesma categoría laboral e con un contido funcional análogo ao da convocatoria, puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

a) Por cada mes de servizo na Administración Local desempeñando postos de traballo como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local: 0,15 puntos por cada mes acreditado.

b) Por cada mes de servizo nunha Administración Pública (distinta da A. Local) desempeñando postos de traballo como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local 0,10 puntos por cada mes acreditado.

c) Por experiencia profesional en postos similares (Técnica/os ou Prospectora/es de emprego, Técnicas/os de selección, Orientadoras/es laborais e asimilados) grupo II, equiparable ao subgrupo A2, contratado pola Administración pública, Fundacións, outras entidades sen ánimo de lucro ou empresas privadas: 0,05, puntos por cada mes acreditado.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da administración ou mediante a presentación dos contratos de traballo que inclúan a descrición do traballo realizado. En ámbolos dous casos deberase achegar o informe de vida laboral. Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

2. Cursos de formación. Pola realización de cursos relacionados coas funcións a desenvolver e que fosen realizados ou homologados por unha Administración Pública. Ata un máximo de 3 puntos:

Puntuarase:

- 0,25 por cada curso igual ou superior ás 30 horas.

- 0,50 por cada curso igual ou superior ás 50 horas.

- 1 punto por cada curso igual ou superior ás 100 horas.

Os cursos de menos de 20 horas de duración non serán valorados. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 20 horas e polo tanto non serán valorados. Os títulos e diplomas ou certificados de cursos acreditaranse mediante a aportación de fotocopia dos mesmos.

2.- Formación universitaria (puntuación máxima 2 puntos):



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Estar en posesión de titulación universitaria, a maiores da esixida como requisito sempre e cando non coincida coa presentada como requisito mínimo: 1 punto.

Por cada 30 ECT (créditos) en másters ou cursos de postgrao relacionados co posto de traballo: 0,5 puntos. (Aos efectos da baremación considerarase que 1 ECT equivale a 25 horas): Máximo 1 punto.

3. COÑECEMENTO DO GALEGO (só se valorará o de maior puntuación): puntuación máxima 1 punto:

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa nivel medio ou equivalente segundo a Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 0,60 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel superior ou equivalente segundo a Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 0,80 puntos.
- Celga 5, Licenciado en Filoloxía galega ou Filoloxía hispánica (subsección galego-portugués), grao en Lingua e literatura galega, grao en Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, certificado do ciclo superior de galego ou certificado do nivel C2 de lingua galega previsto no Real Decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, ou as validacións establecidas na Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde de 16-07-2007, pola que se regulan os certificados oficiais dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga 5): 1 punto.

Só se valorará o título de maior nivel. Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística. A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 1 punto.

IX. RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

1. A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 30 puntos. En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, terán preferencia os candidatos que obtivesen maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición. De persistir o empate resolverase por sorteo público que se celebrará en acto público na data que se determine polo Tribunal.

2. O tribunal publicará na sede electrónica a relación de candidatos que superaron o proceso selectivo, ordenados por orde de puntuación, con indicación da puntuación final obtida por cada un dos candidatos, así como as notas parciais de cada unha das fases do proceso selectivo.

O acordo do tribunal establecendo a orde de clasificación de aspirantes e a proposta de nomeamento poderá recorrerse en alzada perante a Alcaldía, sen prexuízo da presentación de alegacións aos acordos de avaliación dos exercicios na fase de oposición ou concurso.

3. Corresponderá ao Alcalde, mediante Resolución, a aprobación da relación de candidatos que superaron o procedemento de selección e a súa orde de prelación ós efectos da formación da bolsa de emprego.

4. Os candidatos/as seleccionados deberán presentar no prazo de cinco días hábiles, a partires da aprobación da bolsa de emprego a documentación orixinal ou compulsada que se menciona na base IV, así como a correspondente aos méritos alegados.

Quenes non presentasen a documentación dentro do prazo fixado, e salvo os casos de forza maior, ou do exame da mesma observárase que carece dalgún dos requisitos esixidos nestas bases, quedarán excluídos do proceso selectivo, sen prexuízo da responsabilidade en que se puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación ou na documentación achegada.

X.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

1. Cos candidatos que superasen o proceso selectivo formarase unha lista (bolsa de emprego) pola orde decrecente da puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar contratacións laborais temporais coa finalidade de substituír a traballadores con dereito á reserva do posto de traballo en aplicación do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores .

Soamente poderá prescindirse desta Bolsa de emprego cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario, ou no caso de contratacións financiadas con subvencións públicas a súa normativa reguladora impoña a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases. A lista de candidatos que superen o proceso selectivo, bolsa de emprego, aprobarase pola alcaldía.

2. O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de emprego, por orde decrecente de puntuación, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo.

3. Os chamamentos realizaranse por vía telemática e telefónica, ao enderezo electrónico e número de teléfono facilitados aos efectos, efectuándose, como mínimo, dúas comunicacións con un intervalo mínimo de 5 horas, deixando constancia incorporada ao expediente. Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsables de comunicar ao concello calquera alteración do seu número de contacto. O/a empregado/a público que efectúe as comunicacións de chamamento fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir o posto para o que se realice o chamamento. De non atender os chamamentos, entenderase que o aspirante desiste do mesmo. Deixarase constancia documental no expediente.

4. Os integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

5. Os integrantes da bolsa de emprego que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non se presentaran ou renunciaran a esta sen causa xustificada, ou que renunciaren a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases, pasarán a ocupar a derradeira posición na lista. No caso de ser convocados por segunda vez e non atender o requirimento, serán excluídos da lista.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcionarial nas datas para as que se efectúa o chamamento.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa o chamamento ou estar convocada a realización de exames nas datas para as que se efectúa o chamamento.

C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), ou, en caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles mais por cada fillo a partires do segundo).



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a procedencia do pase á derradeira posición da lista, así como a aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polos candidatos para a renuncia ao chamamento e/ou ao posto de traballo.

6. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

7. Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude formulada a tal efecto. Dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses, segundo o solicite o interesado, computados desde a data de efectos da suspensión.

8. Unha vez compareza o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, mediante Resolución da Alcaldía procederase ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

9. O cese producirase cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo ou cando se produzan algún dos supostos previstos no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

10. A bolsa de emprego terá unha vixencia de dous anos contados desde a súa aprobación.

XI.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, Rúa Concello 18, 15110 Ponteceso.

XII.- IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, cuxo acordo aprobatorio é definitivo na vía administrativa poderá interpoñerse polas persoas interesadas lexitimadas un dos seguintes recursos:

a) Recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña. Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fose resolvido, poderá entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade da Coruña no prazo de seis meses.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Contra cantos actos administrativos definitivos derivados das presentes bases poderán ser interpostos os oportunos recursos polos interesados, nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e na Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

XIII. DISPOSICIÓN FINAL.

A fin de posibilitar a presentación das solicitudes a que se refire as presentes bases a través do Rexistro Electrónico, procederase á aprobación dos modelos de documento electrónico que a continuación se relaciona, o cal se remitirá pola vía telemática mediante os sistemas de sinatura electrónica legalmente admitidos:

Anexo I, solicitude de admisión a probas selectivas do Concello de Ponteceso.

Anexo II, temario.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D. /Dna., maior de idade, co DNI número....., con enderezo a efectos de notificacións en....., localidade, CP..... Ou, no seu caso, Notifica.gal

E-Mail.....

EXPÓN:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria para a FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, para a cobertura de posto/os de TÉCNICO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, persoal laboral temporal, por medio de concurso oposición, a cal foi publicada no BOP

II. - Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases. Bases que declaro expresamente coñecer.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación requirida para o acceso ao posto.
- Fotocopia do CELGA 4 ou titulación equivalente.
- Informe de vida laboral actualizado, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copias contratos e certificados acreditativos dos servizos prestados á administración pública.
- Tarxeta de demandante de emprego expedida polo Servizo Público de Emprego.
- Relación dos méritos que aleguen os aspirantes pola orde que se establece na convocatoria, unindo á dita relación os documentos xustificativos dos mesmos.

En Ponteceso, a de 2022

Asinado:

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente instancia son necesarios e ten como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, rúa Concello, 18, 15110 Ponteceso.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ANEXO II TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

PARTE XERAL

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma. O Parlamento. O Consello da Xunta. O presidente.
3. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.
4. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.
5. Os recursos administrativos. Conceptos e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.
6. O municipio. Elementos. Territorio e poboación.
7. A organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Competencias municipais.

PARTE ESPECÍFICA

8. A Estratexia Europea para o Emprego. Directrices xerais e dimensión local
9. A política de emprego. Instrumentos da política de emprego segundo o Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego
10. As políticas activas de emprego. A Estratexia Española de Activación para o Emprego e os Plans Anuais de Política de Emprego (PAPE)
11. O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). A prestación contributiva de desemprego. Capitalización, suspensión e compatibilidade da prestación 35.
12. O Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) 3
13. Subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia
14. Axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil en Galicia
15. Axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
16. A figura do Axente de Emprego de Desenvolvemento Local. Normativa reguladora. Características, funcións e ámbitos de actuación
17. Medidas de apoio ás entidades locais para a contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local
18. A Rede de Técnicos de Emprego de Galicia. O aplicativo atemprego.
19. O contrato de traballo: concepto e características. Os suxeitos do contrato de traballo. Principais modalidades de contratos de traballo
20. O salario: concepto. Estrutura salarial. Liquidación e pago. A cotización á seguridade social. Responsabilidade. Nacemento e duración da obriga de cotizar. Bases de cotización 4
21. A acción protectora do Sistema Público da Seguridade Social: contido, clasificación e características das principais prestacións



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

22. A empresa. Elementos, clasificacións e finalidades. Trámites administrativos para a posta en marcha dunha idea empresarial. Formas xurídicas para a creación dunha empresa
23. O autónomo: características e tipos. Principais obrigas tributarias do autónomo. Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos: campo de aplicación, altas, baixas, cotización e acción protectora
24. O traballador autónomo economicamente dependente. Definición e características. Tramitación de alta. Obrigas xerais. Axudas para o seu establecemento. Bonificacións e reducións á Seguridade Social dos traballadores autónomos
25. A sociedade mercantil: concepto, natureza, clases, obxecto social, constitución e inscrición
26. Subvencións para o fomento do emprendemento en economía social en Galicia: A prol economía social
27. Axudas e subvencións da Xunta de Galicia para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais
28. Axudas para novos emprendedores: Galicia Emprende. Axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais: Galicia rural emprende. Axudas para a promoción do emprego autónomo en Galicia.
29. Programa do Bono das persoas autónomas da Xunta de Galicia 66. Axudas as persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas en Galicia
30. Fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación en Galicia. Subvencións para promover o auto-emprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas e dos seus descendentes na Comunidade Autónoma Galega
31. Axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia de A Coruña da Deputación da Coruña, PEL Reactiva, PEL Concellos, PEL Concellos Dixital, PEL Programa de Socorrismo. Liñas de actuación, destinatarios, requisitos.
32. Fondo de compensación ambiental da Xunta de Galicia. Subvencións en réxime de concorrencia competitiva a concellos asociados ou agrupados.
33. Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello de Ponteceso. Publicación BOP Nº 106 de 11-05-2005 (a disposición no enderezo web da Deputación de A Coruña: <https://www.dacoruna.gal/concellos>)”

O que se publica aos efectos de publicidade da convocatoria e bases do proceso selectivo, para que os interesados/as presenten no prazo de DEZ (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, as súas solicitudes de participación.

Ponteceso, 26 de xaneiro de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido